



15 preguntas para contestar vendo a exposición

Investiga a que mulleres matemáticas fan referencia as seguintes afirmacións:

1.- Tivo que finxir que era un home para poder presentar unha investigación na Escola Politécnica de París.

2.- Escribiu un traballo “sobre a natureza e a propagación do lume”.

3.- É considerada a máis grande astrónoma da historia.

4.- Foi esposa de Pitágoras.

5.- Dúas destas mulleres contribuíron ao desenvolvemento da informática.

6.- Foi chamada *oráculo dos sete idiomas* por ser capaz de discutir sobre temas científicos e filosóficos en sete idiomas diferentes cando tiña pouco máis de dez anos.

7.- Seu pai, Teón, quixo que fose “*un ser humano perfecto*”

8.- É unha das máis grandes alxebristas do Século XX, naceu en Montrove (A Coruña).

9.- É unha experta en didáctica das matemáticas, nacida en Roma.

10.- Traballou con Klein e Hilbert nas ecuacións da teoría da relatividade de Einstein.

11.- Filla de Lord Byron.

12.- Conseguiu grandes avances na súa profesión, a enfermería, aplicando métodos estatísticos.

13.- Foi co-editora do Xornal Americano das Matemáticas.

14.- Pertenceu ao exército dos Estados Unidos.

15.- Pactou o seu casamento para poder asistir a clases na universidade, acompañada do seu marido.
